

1º.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN :

O **principio básico** que aplicamos na nosa asignatura, en todos os cursos, é que a avaliación ha de contribuír a mellorar o rendimento dos alumnos. Para que isto sexa posíbel, é necesario que sexa unha **avaliación continua** e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno, no plano intelectual, afectivo e social.

Con esta base e adoptando as **Instrucións do 27 de Abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20** aplicamos os seguintes parámetros:

1.1.- AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA :

1º.- Ningún alumno será cualificado neste terceiro trimestre cunha nota inferior á acadada na 2ª Avaliación. É dicir, no peor dos casos obterá una cualificación idéntica á reflectida na 2ª Avaliación.

2º.- O alumno que acadou una **cualificación positiva** (5 puntos ou + de 5 puntos) na 2ª Avaliación poderá **sumar** á súa cualificación da 2ª Avaliación **ate un 15%** pola avaliación da súa evolución e traballo neste terceiro trimestre.

3º.- O alumno que acadou una **cualificación negativa** (menos de 5 puntos) na 2ª Avaliación poderá **sumar** á súa cualificación da 2ª Avaliación **ate un 25%** pola avaliación da súa evolución e traballo neste terceiro trimestre. No caso de que o alumno evidencie una evolución extraordinaria e excelente neste 3º trimestre, e a súa cualificación total fose igual ou superior a 4,5 puntos, o profesor/-ora podería evaluar cunha cualificación de 5 no seu boletín de notas a este alumno.

1.2.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO :

1º.- Os alumnos que acaden unha **cualificación negativa** (menos de 5 puntos) na **Avaliación Final Ordinaria** realizarán unha **proba escrita** sobre a **totalidade dos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da materia** desenvoltos en clase ata o inicio do confinamento. O alumno deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos nesta proba para superar a materia.

2º.- Os alumnos que acaden unha **cualificación negativa** (menos de 5 puntos) na **Avaliación Final Ordinaria** realizarán unha serie de actividades e traballos de repaso e reforzo relacionadas coa **totalidade dos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da materia** que lle serán proporcionados trala avaliación de Xuño .

A avaliación Extraordinaria de Setembro, no caso de que aínda non sexa posible a realización de probas presenciais, basearase na **presentación destas actividades e traballos que serán avaliadas polo profesor/-ora correspondente**.

1.3.- AVALIACIÓN DOS ALUMNOS CON ALGUNHA MATERIA PENDENTE :

O primeiro parcial da avaliación de alumnos con algunha Materia Pendente realizouse do xeito e no prazo que está recollido na nosa Programación Didáctica.

A **avaliación do segundo parcial** do **alumno** que acadou una **cualificación positiva** (5 puntos ou + de 5 puntos) **no primeiro parcial** basearase na entrega e corrección das actividades que lle foron propostas dende principio de curso no Plan de traballo para alumnos con Materias Pendentes correspondentes a este segundo parcial, conxuntamente coas que se lle foron deseñando e entregando on line no período de suspensión de clases. De tal xeito que se o alumno acada unha avaliación positiva (5 puntos ou + de 5 puntos) terá aprobada a materia pendente.

A **avaliación Final Ordinaria** do **alumno** que acadou una **cualificación negativa** (menos de 5 puntos) **no primeiro parcial** basearase na entrega e corrección das actividades que lle foron propostas dende principio de curso no Plan de traballo para alumnos con Materias Pendentes correspondentes a este segundo parcial, conxuntamente coas actividades relacionadas coa **totalidade dos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da materia pendente** que se lle están deseñando e entregando on line neste período de suspensión de clases. De tal xeito que se o alumno acada unha avaliación positiva (5 puntos ou + de 5 puntos) terá aprobada a materia pendente.

Este último procedemento será o que se adopte na **avaliación Extraordinaria de Setembro** no caso de que aínda non sexa posible a realización de probas presenciais. **Se nese momento a situación se tivese normalizado, o procedemento de avaliación será o que se recolle na nosa Programación Didáctica (unha proba escrita sobor da totalidade dos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da materia pendente).** O alumno deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos nesta proba para superar a materia.